

Traducción

Amigos de Ion Luca Caragiale

Juan José ORTEGA ROMÁN

Universidad Complutense

Ion Luca Caragiale (1852-1912) é un dos escritores romaneses máis importantes. A súa produción céntrase especialmente na dramaturxia, onde se pode observar a súa fina ironía, o carácter hilarante e a súa particular proposta de *teatro do absurdo*, con situacións verdadeiramente cómicas e disparatadas, reflexo da súa opinión sobre a condición humana. Con motivo dos 150 anos do seu nacemento ofrecemos esta pequena homenaxe coa traducción dunha das súas pezas para o galego. Esperamos que na viaxe da lingua máis oriental á máis occidental da Romanía o espírito e o sentido do humor do escritor romanés non se perde, de xeito que o lector galego poida captar a súa intención e poida, quizáis, ver a proximidade que existe entre a maneira de ser destes dous pobos. (N. T.)

O señor Mache¹ senta na mesa dunha cervexería e espera que veña algún amigo; está contento e ten gana de conversa. Non espera moito. Ó cabo dalgún tempo, chega un dos seus mellores amigos, o señor Lache. O señor Lache non ten gana de nada. Achégase e senta na mesa. Perdóeme o lector que non dea ningunha indicación do ton, da acción e da gama temperamental no decurso do diálogo –indicación tan necesaria para ler correctamente–, de xeito que debe substituír con imaxinación esta falla.

LACHE: – *Bonsoar*², Mache.

MACHE: – *Bonsoar*, Lache.

LACHE: – Viñeches hai moito?

MACHE: – Non, hai dez minutos. ¿Tomas unha cervexa?

LACHE: – Tómo.

MACHE: – Rapaz, ponnos dúas grandes... (*Cara a Lache*). Mais ¿que tes? Véxote como...

LACHE: – Non teño moita gana... Estou canso... Estiven toda a noite na taberna de Cosman, ata o amencer.

MACHE: – ¿Con quen?

LACHE: – Cuns amigos. Falamos moito de ti.

MACHE: – ¿Sí? ¿O que?

LACHE: – Eh... Nada... parvadas. ¿Non sabes como son os homes?

MACHE: – ¿Daquela... como? ¿Falaban mal de min? ¿Insultábanme?

LACHE: – Mira, ¿decátaste? Este é o teu carácter... Esaxeras sempre.

MACHE: – Dixéchelo ti.

LACHE: – ¿Que dixen eu? Eu non che dixen nada. Díxenche que así son os homes. Ti queres que todo o mundo te louve e que ninguén se atreva a criticarte por moi pouco que sexa. ¿Decátaste? Este é o teu carácter: es moi fachendoso.

MACHE: – Eu non son fachendoso, perdóame; pero sorpréndeme que non encontres outro tema de conversación que non sexa eu.

LACHE: – Xurdiu a conversa... Mais ninguén falou mal de ti... naturalmente non se atrevería: sabe que somos bos amigos. Pero xa sabes: que se unha cousa, que se outra...

MACHE: – ¿O que?

¹ Tanto Mache como Lache e Tache débense pronunciar respectivamente Maque, Laque e Taque.

² Así aparece no texto orixinal: do francés *Bonsoir*. Caragiale gusta de poñer galecismos en boca dos seus personaxes.

LACHE: Bah, son uns mequetrefes... Sobre todo un deles non te pode aturar e é amigo teu.

MACHE: ¿Quen?

LACHE: Eh, non sei... ¿Tanto ten?

MACHE: Quixérao saber.

LACHE: Imposible.

MACHE: - Palabra de honor que non lle vou pedir contas: procurarei que nunca saiba que eu sei o que dixo.

LACHE: Sobre todo porque non sabes o que dixo.

MACHE: ¿E que dixo?

LACHE: ¿Decátaste? Este é o teu carácter: es curioso.

MACHE: - Ben, compadre; é normal que teña curiosidade por saber o que a xente di de min, sobre todo os amigos, para saber en quen confiar, cómo defenderme.

LACHE: ¿Tomámoslle outra pequena?

MACHE: Si.

LACHE: - Rapaz, tráenos dúas pequenas... (*Pausa. Orapaz trae as xerras de cervexa*).

MACHE: ¿Entón?

LACHE: ¡Entón!

MACHE: - ¡Entón! ¿Que dicía o amigo?

LACHE: Non te pode aturar... Non sei cómo xurdiu a conversa de homes espelidos, e dixeron eu: «Mira, Mache é un home espelido»... porque ti sabes que eu sempre te considerarei moi espelido; e non porque sexas amigo meu, porque á fin e ó cabo non teño ningún interese en facerche as beiras. En fin, ¿que che vou dicir? Coñézote e coñécesme, por Deus. Podo ter moitos defectos, pero todos tedes que consentir que teño unha calidade: a sinceridade; e dígoche sinceramente que me parecería moi mal que precisamente os amigos te viñesen criticar. ¿Entendes?

MACHE: Ben, *mon cher*¹; ¿quen o di?

LACHE: Ti.

MACHE: - ¿Eu?

LACHE: Vexo que me ollas así cun ar como se quixeses dicirme que non o cres.

MACHE: - Sí, xa, pero ¿que é o que non creo? Se non me dixeches nada... Dixéchesme que un dos meus amigos cos que estabas onte á noite non me pode aturar, e ti opinaras que eu son espelido.

LACHE: - Está claro que o opinei.

MACHE: Mais o meu amigo, ese que non me pode aturar...

LACHE: Xustamente aquí quería chegar, pero... ¡se me interrompes sempre! Mira, ¿decátaste? Este é o teu carácter: ¡sempre interrompes!

MACHE: - Ben, xa non interrompo máis. Di, que te escoito.

LACHE: Cando dixeron que eras espelido, primeiro sorriu e díxome: «¿Que parvo es!» e despois dixo: «Quizais é espelido pero é algo papón».

MACHE: ¡Papón!

LACHE: Papón.

MACHE: - Eh, ¿e por que pensa que son papón?

LACHE: Por moitas cousas que el dicía.

MACHE: ¿Como que?

LACHE: Que sempre descoidaches o teu traballo.

MACHE: - ¡Iso non é certo!

LACHE: - Que a pouco mais te botan do traballo tres veces.

MACHE: ¡Mente!

LACHE: - Que xogas ás cartas e que todos riu de ti como dun novato.

MACHE: - ¿Eu novato?

LACHE: Que che gusta beber...

MACHE: - ¿Que me gusta beber?... Dúas ou tres xerras de cervexa ao día.

LACHE: - Que casaches sen dote.

MACHE: - ¡Iso é o meu problema! ¿Que paspán! Quixera saber quen é ese paspán. Prégocho.

LACHE: - Dixenche ó principio que non cho hei dicir.

MACHE: ¿Por que non mo has dicir, xa que dis que es íntimo amigo meu?

LACHE: ¿Para pórme en evidencia? Non teño gana.

MACHE: - Polo meu honor que non... Xúroche polo que máis quero que nunca llo direi. Só quero sabelo para evitalo e desprezalo.

LACHE: Imposible, Mache.

MACHE: - Polo meu honor. ¡Prégocho, dimo!

¹ No texto orixinal *monser*, do francés *mon cher* (meu querido/amigo).

LACHE: – Mira, ¿decátaste? Este é o teu carácter: es indiscreto. ¿Ti falas galego?⁴ Non cho digo. Eu teño moitos defectos, os que queras, pero todos tedes que consentir que teño eu tamén unha calidade: eu son discreto... non me gusta andar de larpieiro.

MACHE: – Entón, permíteme dicirche que ti non es meu amigo, como eu coidaba.

LACHE: – ¿Eu non son o teu amigo? ¿Eu? ¡Bravo! *Mersi*⁵...

MACHE: – É que un amigo...

LACHE: – Se eu son parvo... e digoche... Pero se calo e outra volta moquéaste de min cando quero dicirche algo... (*Cara o rapaz*). Rapaz, ponnos dúas pequenas máis...

MACHE: – E... ¿daquela non dixo nada máis de min o amigo?

LACHE: – Dixo moitas máis cousas. Pero, en fin, ¿que máis che ten?

MACHE: – Non, nada, pero teño curiosidade por ver ata ónde chega a infamia humana... Dis que é o meu amigo.

LACHE: – Bo.

MACHE: – ¿Amigo achegado?

LACHE: – Sí.

MACHE: – E... ¿que máis dicía?

LACHE: – Non cho digo, que te anoxas... Que ti tamén tes que admitir que é o teu carácter: anoxaste sempre.

MACHE: – Polo meu honor, non me anoxo.

LACHE: – Dicía da túa muller que...

MACHE: – ¿Que que...?

LACHE: – Que... ¡En fin, parvadas! ¿Que che vou dicir eu? ¡Sí! Pero pareille os pés. Non che consinto, dixen eu, que lixes a honra da muller do meu amigo. ¿Enténdesme?

MACHE: – ¿Como? ¿A honra da miña muller?

LACHE: – Que se era demasiado guapa e demasiado xuvenil para ti, que se te quixo porque era pobre, pero...

MACHE: – Pero ¿que?

LACHE: – Que se sempre no teatro... Eu dixen: «Ten palco gratis». «Sí, dixen el, ¿e cando sae coa bicicleta dúas veces ao día, pola mañá e pola tarde?» «Tamén é gratis» dixen eu. «¿E o verán en Sinaia⁶ tamén é gratis?» dixen el; «¿De onde tanto luxo?»

MACHE: – ¡Que canalla!

LACHE: – E despois fixo alusión casi diante de doutro amigo.

MACHE: – ¿De quen?

LACHE: – Non cho digo.

MACHE: – Escóitame, Lache. ¡Que saibas que me anoxas moito!... Só tes que dicirme...

LACHE: – ¿E se non quero?...

MACHE: – ¡Tes que querer! ¿Escoitas? Ou se non amóseche as poutas. ¿Enténdesme?

LACHE: – Mira, ¿decátaste? Este é o teu carácter: es violento.

MACHE: – Defecto, virtude... Só dime de quen fixo alusión.

LACHE: – ¿Só o queres saber?

MACHE: – Sí.

LACHE: – De Fãnicã.

MACHE: – ¿O home da irmá da miña muller? ¿O meu cuñado?

LACHE: – De Fãnicã, o teu cuñado.

MACHE: – ¡Miserable, canalla! ¿Quen é? ¡Tes que dicirme o seu nome!

LACHE: – Mira, ¿decátaste? Este é...

MACHE: – ¡Non quero saber nada! Tes que dicirme.

LACHE: – Non cho digo.

MACHE: – Amóseche as poutas. ¿Enténdes?

LACHE: – A ver, logo. Despois non digas que... ¿Ti escoitaste? Pero non es ti o que vas acabar coa nosa amizade, son eu... Veño e digoche que te protexas dos amigos, que non te fies de calquera como un paspán, chámoches a atención sobre o que di a xente sobre a túa honra e a da túa muller, e ti, no canto de agradecerme esbardarillas comigo. A próxima vez evítareite.

MACHE: – ¿Que queres que che diga? ¿Non queres dicirme?

MACHE: – Non.

LACHE: – *Mersi*.

(*Chama ó camareiro e paga. Pausa longa, mentres que Mache tamborilea cos dedos na mesa como se planease algo importante. Un paisano, chamado Tache, achégase á mesa dos dous amigos.*)

⁴ No texto original *Vorbesti românește?* (¿Falas romanés?) co sentido de ¿Entendes?

⁵ Do francés *Merci* (Gracias).

⁶ Pequena e pintoresca localidade turística situada no centro de Romanía, concretamente no val de Prahova.

TACHE: - Boas tardes.

LACHE E MACHE: - Boas tardes.

TACHE: - Que xarelo es, amigo Lache...
Fasme perder toda a noite esperándote como
un paspán na taberna de Cosman.

LACHE: - Perdóame, por favor. Estaba moi
canso, non podía máis; quería descansar e dei-
teime ás oito.

MACHE: (*De pé, adoecendo*) - ¡Ah! ¿Como
que te deitaches cedo? ¿Non fuches onte á noi-

te á taberna de Cosman?... Agora sei quen é o
meu amigo... ¡Perfecto! (*Dúas palmadas fortes e
vaise.*)

LACHE: - Mira, ¿decátaste? Este é o seu
carácter: ¡é un paspán!... ¡é violento!... ¡e non
ten educación!

(*De Opere alese. Cartea
Românească, București, 1974*)